

ORDENANZA FISCAL N.º 9 - REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1.º.—Fundamento e natureza.

En aplicación do disposto nos artigos 15 a 27 e 58 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a exacción da taxa por expedición de licenzas de apertura de establecementos, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º.—Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos comerciais, industriais e mercantis reúnen as condicións de solidez, salubridade, sanidade e calesqueira outras esixidas pola normativa aplicable, como condición previa e necesaria para o otorgamento polo Concello da preceptiva licenza de apertura, así como para a modificación das circunstancias e condicións de funcionamento de esos establecementos.

Ós efectos do establecido no presente artigo, quedan configurados como feitos impositivos os seguintes:

- 1.—A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo as súas actividades.
- 2.—Os cambios de titularidade do establecemento.
- 3.—As variacións ou modificacións da actividade desenrolada no establecemento.
- 4.—As ampliacións ou reformas que se leven a cabo no local sede do establecemento e que afecten ás condicións referidas no parágrafo primeiro do presente artigo.

Artigo 3.º.—Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenrolar mediante a apertura do establecemento.

Artigo 4.º.—Responsables.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38-1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que señala o artigo 49 da Ley Xeral Tributaria.

Artigo 5.º.–Base imponible.

Constitúe a base imponible da taxa reguladora pola presente ordenanza fiscal a cota do imposto sobre actividades económicas que corresponda ó establecemento obxecto da licenza.

Artigo 6.º.–Cota tributaria.

1.–A cota aplicable será a seguinte, para o feito imponible previsto no epígrafe 1 do artigo 2.º.

Licenzas de tramitación ordinaria:

- Para establecementos cuxa superficie non exceda de 50 m²: 150 €.
- Por cada m² que exceda de 50: 1 €.

Licenzas de tramitación especial, para actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas:

- Para establecementos cuxa superficie non exceda de 50 m²: 300 €.
- Por cada m² que exceda de 50: 2 €.

2.–As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ni bonificación algunha na exacción da presente taxa.

Artigo 8.º.–Devengo.

Devengase a taxa, e nace a obrigaçión de pago no momento de presentar a solicitude de otorgamento da licenza de que se trate nas oficinas do Concello, liquidándose con carácter de depósito previo, en aplicación do establecido no artigo 26 da Lei 39/1988. O pago da cota da presente taxa será requisito necesario para a tramitación do correspondente expediente polo Concello.

Cando a apertura tivera lugar sin obter a preceptiva licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal necesaria para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia do resultado de esa actividade.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Artigo 9.º.–Infraccións e sancións.

En tódolo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.